

ACTA Nº 06/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 7 de febreiro de 2011, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local nº 3/11 e 4/11, correspondente ás sesións do 17 e do 24 de xaneiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 47/11, do 31 de xaneiro de 2011, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga co fin de ordenar o pago dunha axuda de supervivencia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno

Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 186/2010 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. representada por D. Fernando Val López**, presenta carpeta de permisos previos visada para RBTS Berducedo, 62 (Nº SGD: 248307070262) para subministro eléctrico para unha urbanización de cinco vivendas unifamiliares en Berducedo-Moaña.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 3 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA UNHA URBANIZACIÓN DE CINCO VIVENDAS.

INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente.**

O proxecto de subministro eléctrico para unha urbanización de cinco vivendas en Berducedo está redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Daniel Altes Altes, e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, o día 19 de outubro de 2010, presente a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva
- Características xerais do proxecto
- Características técnicas do proxecto.
- Descrición e cálculo de instalacións de baixa tensión
- Estudo básico de seguridade e saúde
- Documentación gráfica
- Medicións e presuposto
- Dirección de obra asinada pola Enxeñeira técnica industrial Dna. María Luisa Álvarez Rodríguez, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o día 13 de decembro de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	291,76 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- PARCELACIONES

Vistos os expedientes instruídos a instancia das interesadas que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes:

4.A) EXPTE. 09/11 - D.^a EUGENIA SOUTO GONZÁLEZ presenta proxecto de parcelación de terreo de 3142 m2, en tres parcelas de 1055, 882 e 1205 m2, no Barrio da Fraga, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 23.11.2010,

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal de data 03 de xaneiro de 2011, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PROXECTO DE PARCELACION DE FINCA
INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente**

O proxecto de parcelación de finca situada no lugar da Fraga, está redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas da Coruña-Pontevedra, o día 23 de agosto de 2009, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Documentación gráfica.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 330,00 €

4.B) EXPTE. 12/11 - D.^a SOCORRO SANTOMÉ GRAMARY presenta proxecto de parcelación de finca de 955 m2 en tres parcelas de 387, 284 e 284 m2 respectivamente, situada no barrio de Isamil, nº 357, Meira, redactado polo enxeñeiro técnico D. José Buceta Amoedo, rexistrado con data 26 de xaneiro de 2011.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal de data 03 de xaneiro de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE PARCELACION DE FINCA
INFORME: **Procede informar favorablemente o expediente**

O proxecto de parcelación de finca situada no nº 357, de Isamil, Meira, está redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, presenta a seguinte documentación:

- Memoria descritiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais.
- Documentación gráfica.
- Oficio de Dirección de obra asinado por D. José Buceta Amoedo, odía 26 de xaneiro de 2011, visado polo Colexio Oficial de arquitectos técnicos de Pontevedra.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 165,00 €

5.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. PABLO GIL COLLAZO no que SOLICITA licenza de primeira

ocupación para a vivenda unifamiliar nº 2 situada en Broullón, pertencente á licenza de obra Expte. nº 197/2004, concedida pola XGL en sesión de data 04.10.2004.

A dito escrito engádeselle a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal do 4 de febreiro de 2011, que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, DE VIVENDA Nº 2
INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción,.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza, o día 3 de setembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 9 de setembro de 2008; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 3 de setembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 25 de setembro de 2008.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmóveis de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda a unifamiliar nº 2 dimanante da licenza en Expte. nº 197/2004, ao seu promotor D. PABLO GIL COLLAZO, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.
Segundo: Trasladarlle o acordo á Mancomunidade e a Aqualia.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) D^a CARMEN RIOBÓ PASTORIZA, por escrito do 28 de xaneiro de 2011 expón que ten conceda licenza en data 12.05.2008 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Palmás-Domaio, nº expte. 89/2008, e dado que non a remataron, solicita prórroga de tres anos para terminar dita edificación,

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 3 de xaneiro de 2011, que di:

ASUNTO: Prórroga de licenza de obra do **expte. 89/08**

Con data do 12 de maio de 2008 a Xunta de Goberno local, entre outros adoptou a acordo de conceder licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, a petición de Dna. Carmen Riobó Pasotirza.

Conclusión: **Procede informar favorablemente a prórroga de licenza de vivenda unifamiliar por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada por D^a Carmen Riobó Pastoriza, expte. 89/08, nos termos recollidos no informe do arquitecto técnico municipal.

6.B) D^a ÁNGELA NAZARET PÉREZ RIOBÓ, por escrito do 28 de xaneiro de 2011 expón que ten conceda licenza en data 12.05.2008 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Palmás Domaio, n^o expte. 90/2008, e dado que non a remataron, solicita prórroga de tres anos para terminar dita edificación,

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 3 de xaneiro de 2011, que di:

ASUNTO: Prórroga de licenza de obra do **expte. 90/08**

Con data do 12 de maio de 2008 a Xunta de Goberno local, entre outros adoptou a acordo de conceder licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, a petición de Dna. Ángela Nazaret Pérez Riobó.

Conclusión: **Procede informar favorablemente a prórroga de licenza de vivenda unifamiliar por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada por D^a Ángela Nazaret Pérez Riobó, expte.90/08, nos termos recollidos no informe do arquitecto técnico municipal.

6.C) PROMOCIONES MUCHA, S.L., por escrito do 31 de xaneiro de 2011 expón que ten conceda licenza en data 17.03.2008 para a construción dunha vivenda unifamiliar en Verdeal, n^o expte. 09/2008, e dado que non a remataron, solicita prórroga de tres anos para terminar dita edificación,

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 3 de xaneiro de 2011, que di:

ASUNTO: Prórroga de licenza de obra do **expte. 09/08**

Con data do 17 de marzo de 2008 a Xunta de Goberno local, entre outros adoptou a acordo de conceder licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, a petición de Promociones Mucha, S.L.

Conclusión: **Procede informar favorablemente a prórroga de licenza de vivenda unifamiliar por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada por Promociones Mucha, S.L., expte. 09/08, nos termos recollidos no informe do arquitecto técnico municipal.

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamentoo das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Adquisición de libros para bibliotecas municipais, 2011	Librería O Pontillón	3320 62500 RC 14	2.036,92 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	Mantemento anual para o control de plagas no Concello	Agronergera, s.l.	3130 22700 RC 13	2.034,32 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento 2011 nas partidas reflectidas na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

8.- PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Visto o informe-proposta do bibliotecario do Concello de Moaña, de data 21 de xaneiro de 2011, que textualmente di:

PROXECTO DE ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN Á LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE MOAÑA. ANO 2011

As actividades de animación á lectura da biblioteca pública municipal de Moaña para o ano 2011 distribuiranse en dous programas ó longo da ano: “O día do Conto” e a “Biblioteca Aberta”. O obxectivo fundamental desta programación, que ven sendo estable nos derradeiros anos, é fomentar a lectura mediante actividades que incidan directamente no mundo do libro e no hábito lector: : tertulias literarias e encontros con escritores, talleres literarios, celebración regular do Día do Conto, teatro infantil, etc

Día do Conto:

O programa de animación á lectura dirixido ós nenos céntrase na celebración do Día do Conto. En anos anteriores o Día do Conto conseguiu atraer á biblioteca a un público familiar cada vez máis fiel e numeroso. As actividades de animación terán lugar na sala infantil da biblioteca municipal e/ou nas axencias municipais de lectura os venres a partir das 18:00 horas. Para a súa realización contamos especialmente co programa Letras Vivas Animación

Biblioteca Aberta:

O programa de actividade previsto para 2011 ten como obxectivo consolidar todas estas propostas de traballo e incidir especialmente na biblioteca como centro cultural aberto, programando actividades, dirixidas a un público adulto, fóra do horario habitual de apertura.. Incluiría as tertulias literarias, que se celebran cada mes e medio organizadas pola asociación Lonxa Literaria, recitais poéticos, lecturas colectivas, concertos musicais, obradoiros literarios, etc. Neste caso apoiámonos no programa da Xunta **Letras Vivas Creación.**

CALENDARIO DE CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades que engloba o programa Día do Conto desenvolveranse os venres, cada 15 días, na sala infantil ou no auditorio da Biblioteca Municipal a partir das 18:00 horas. O programa iniciárase o venres 4 de febreiro e remataría o 30 de decembro, interrompíndose durante os meses de verán (xullo e agosto). Intentarase seguir o seguinte calendario:

4 e 18 de febreiro,
18 de marzo,
1 e 15 de abril,
6 e 20 de maio,
3 de xuño
16 e 30 de setembro
7 e 21 de outubro
4 e 18 de novembro
16 e 30 de decembro

No tocante ó programa Biblioteca Aberta, os actos celebraranse en datas máis ou menos coincidentes coa celebración das principais efemérides relacionadas co mundo da literatura. Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Biblioteca, etc., outras actividades: tertulias literarias, presentación de libros, etc. iranse programando na medida en que os colectivos e asociacións promotoras o vaian requirindo.

DESTINATARIOS

O público ó que van dirixidas as actividades é a xeralidade da poboación do concello de Moaña. O programa Día do Conto vai dirixido a nenos con idades comprendidas entre os 4 e 11 anos e o conseguinte público familiar (no ano 2010 participaron 1240 nenos, nais, pais e avós) . O programa Biblioteca Aberta quere incidir no resto de idades, preferentemente público xove e adulto (xoves estudantes, amas de casa, profesionais do ensino, funcionarios, etc.).(No ano 2010 acudiron aos nosos actos 557 persoas xoves a adultas)

ORZAMENTO

▪ *PROGRAMA LETRAS VIVAS ANIMACIÓN*

ACTIVIDADES SELECCIONADAS LETRAS VIVAS ANIMACIÓN

NOME	TÍTULO	MODALID.	PÚBLIC	CACH	XUNT (60%)	CONC. (40%)
A ILLA DOS NENOS	LEDICIAS	MAXIA	NENOS	450 €	270 €	180 €
BABALUVA TEATRO	LUME	TÍTERES	NENOS	790 €	474 €	316 €
CÉ ORQUEST. PANTASMA	HOME ORQUESTRA	FOLCLORE	TODOS OS PÚBLICOS	590 €	354 €	236 €
CHARO PITA	MENÚ DE CONTOS	CONTACTANT	NENOS	321 €	192.6 €	128.4 €
DANTHEA TEATRO	DINOSAURIO BELISARIO	CONTACTANT	TODOS OS PÚBLICOS	870 €	522 €	348 €
FANTOCHES BAJ	SINDA, LINDA, CASILDA....	TÍTERES	TODOS OS PÚBLICOS	700 €	420 €	280 €
JAVIER MURO	FANTASÍA MÁXICA	MAXIA	TODOS OS PÚBLICOS	800 €	480 €	320 €
TRINKE TRINKE	O CIRCO CHEGA	CONTACTANT	NENOS	490 €	294 €	196 €
PETER PUNK	PETER PUNK	TEATRO DE ACTOR	TODOS OS PÚBLICOS	826 €	495.6 €	330.4 €
SEISDEDOS	O GALO QUIRICO	TÍTERES	TODOS OS PÚBLICOS	696 €	417.6 €	278.4 €
SOLEDA FELLOZA	DE TIN MARIN	TÍTERES	NENOS	280 €	168 €	112 €
TITIRIMAÑA	CONTACTANT. ESCENIFICAD	CONTACTANT	NENOS	450 €	270 €	180 €
TÍTERES CASCANUECES	UN CONTO DE SEMPRE	TÍTERES	TODOS OS PÚBLICOS	365 €	219 €	146 €
TRES GLOBOS TÍTERES	O SAPO ENCANTADO	TÍTERES	NENOS	800 €	480 €	320 €
TRECOLA	A VACA PALMIRA	TÍTERES	NENOS	500 €	300 €	200 €
TOTAL				8928 €	5356.8 €	3571.2 €

TOTAL CACHÉ LETRAS VIVAS ANIMACIÓN 8928.0 €
TOTAL APORTACIÓN CONSELLERÍA (60%) 5356.8 €
TOTAL APORTACIÓN CONCELLO DE MOAÑA(40%) **3571.2 €**

▪ *PROGRAMA LETRAS VIVAS CREACIÓN*

ACTIVIDADES SELECCIONADAS LETRAS VIVAS CREACIÓN

NOME	TÍTULO	MODALIDADE	PUBLICO	CACHE	XUNT	CONCELLO
ESTÍBALIZ ESPINOSA	OBRADOIRO DE ESCRITURA	OBRADOIRO	ADULTOS	700 €	525 €	175 €
MAR CASTRO	FALAR EN PÚBLICO CON EFICACIA	CONFERENCIAS	ADULTOS	480 €	360 €	120 €
XOSÉ MONTEAGUDO	UNHA BOA NOVELA	CONFERENCIA	ADULTOS	200 €	150 €	50 €
CHUS PATO	RECITAL DE POESÍA	RECITAIS	ADULTOS	300 €	225 €	75 €
TOTAL				1680 €	1260 €	420 €

TOTAL CACHÉ LETRAS VIVAS CREACIÓN 1680.0 €

TOTAL APORTACIÓN CONSELLERÍA (75%)	1260.0 €
TOTAL APORTACIÓN CONCELLO DE MOAÑA(25%)	420.0 €

TOTAL

TOTAL CACHÉS LETRAS VIVAS	10608.0 €
APORTACIÓN CONSELLERÍA	6616.8 €
APORTACIÓN CONCELLO DE MOAÑA	3991.2 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o programa de actividades de animación á lectura – Letras Vivas Animación e Creación, así como os orzamentos presentados, autorizando o gasto por importe de 3.991,20 euros con cargo á partida 3320-22609 RC 15.

9.- XUROS SENTENZA PROCEDIMENTO 4051/2002 DO TSXG

Por documento do 17 de xullo de 2009 formalizouse o Plan de pagamentos para a execución da sentenza recaída no procedemento ordinario nº 4051/2002, do TSXG, Sala do contencioso-administrativo, sección 002,

Vista a existencia de crédito suficiente e axeitado,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 32.217,03 €, a favor de D. MARCELINO BÉRTOLO FERNÁNDEZ, en concepto de 3º pago de intereses derivados da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no procedemento ordinario 4051/2002, de acordo co plan de pagos asinado co acredor con data 17 de xullo de 2009, con cargo á partida 1550.35201 RC 16.

10.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

10.A) Visto o informe da Tesourería municipal do 07 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Gas Natural S.U.R. SDG S.A.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados

en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. (CIF A 65067332)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2010	2.404.952,91	36.074,29

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS

NATURAL S.U.R. SDG, S.A. por importe de 36.074,29 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.B) Visto o informe da Tesourería municipal do 03 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por Gas Galicia S.D.G. S.A. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***GAS GALICIA S.D.G. S.A. (CIF A 15383284)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2010	113.464,78	1.701,97

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de GAS GALICIA S.D.G., S.A. por importe de 1.701,97 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.C) Visto o informe da Tesourería municipal do 02 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por CABLEUROPA, S.A.U.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***CABLEUROPA, S.A.U (CIF A 62186556)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
4ª TRIMESTRE 2010	427,49	6,41

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do periodo executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de CABLEEUROPA, S.A.U. por importe de 6,41 euros polo 4º trimestre 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.D) Visto o informe da Tesourería municipal do 03 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***UNIÓN FENOSA COMERCIAL (CIF A82207275)**

BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros)
	BASE*0,015

EXERCICIO 2010

1.458.716,15

21.880,74

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de UNIÓN FENOSA COMERCIAL, S.L.. por importe de 21.880,74 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.E) Visto o informe da Tesourería municipal do 03 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. (CIF A63222533)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2010	3.346.162,27	50.192,43

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á

taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. por importe de 50.192,43 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.F) Visto o informe da Tesourería municipal do 02 de febreiro de 2011, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada por RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

***RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. (CIF A15474281)**

	BASE DA TAXA (euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
EXERCICIO 2010	407.204,57	6.108,07

PRAZOS DE INGRESO: Consonte ó disposto no artigo 62 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (BOE núm.30, de 18 de decembro), no caso de débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

O ingreso poderá facerse efectivo na oficina de recadación municipal situada na planta baixa do Concello de Moaña (r/As Barxas s/n CP 36950, Moaña, Pontevedra) ou na conta de recadación aberta na entidade financeira Caixanova (núm.2080 0529 05 0040000800), de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os correspondentes recargos do periodo executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

RECURSOS: Poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa (art. 116 e s.s. Lei 30/92).

-Poderá interperse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que aquel deba entenderse presuntamente desestimado (arts. 25 e s.s. Lei 29/98 LXCA), ante os tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de RCABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A. por importe de 6.108,07 euros polo exercicio 2010, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

11.- SOLICITUDE DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2011

Visto o informe da axente de emprego do 3 de febreiro de 2011, que di:

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2011.

O pasado 17 de xaneiro publicouse no DOG a Orde de 30 de decembro de 2010 da Consellería de Trballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2011. As principais características do programa para este ano son as seguintes:

- **Obxecto:** O obxecto do programa é o fomento do emprego mediante a subvención da contratación a entidades locais, ou dependentes ou vinculadas á administración local, de traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego e mulleres vítimas de violencia doméstica, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e practica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral

- **Contía da subvención:** A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias para a contratación de traballadores será a necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á seguridade social, establecidos segundo o convenio colectivo que resulte de aplicación na contratación dos traballadores. Non se subvencionan as indemnizacións por cese nin os pluses ou primas extrasalariais.

- **Retribución dos traballadores:** A retribución a percibir polos traballadores será a que estableza para cada categoría profesional o convenio colectivo que resulte de aplicación.

- **Criterios de valoración dos proxectos:** O procedemento de concesión de axudas será o de concorrencia competitiva, tendo preferencia os proxectos que:

- a) Se axusten ás características das persoas demandantes de emprego do territorio e teñan en conta, se é o caso, os seus itinerarios de inserción. Ata 10 puntos.
- b) A elaboración do seu contido e posterior desenvolvemento contén coa participación dos axentes económicos e sociais con presenza no territorio, ou cando estivesen vinculados ou xurdisen en aplicación dun pacto territorial de emprego. Ata 10 puntos

- c) Se realicen preferentemente en actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego. Ata 10 puntos :
- Servizos de utilidade colectiva; mellora da vivenda, vixilancia e seguridade, revalorización de espazos públicos urbanos, transportes colectivos, comercios de proximidade, actividades que afecten a xestión de residuos, xestión de augas, protección e mantemento de zonas naturais, así como aquelas que incidan, directa ou indirectamente, no control da enerxía.
 - Servizos de ocio ou culturais; promoción do turismo, desenvolvemento cultural local, promoción do deporte e sector audiovisual.
 - Servizos personalizados de carácter cotián; coidado de nenos e nenas, prestación de axuda a domicilio a persoas con discapacidade ou maiores, axuda a familias e mozos en dificultade e/ou con desarraigamento social.
- d) Establezan servizos dirixidos as persoas mozas e ás mulleres, tendentes a favorecer a súa participación social e laboral. Ata 10 puntos.
- e) Consistan no establecemento de oficinas de información xuvenil, mediante a contratación de desempregados menores de 30 anos. Ata 10 puntos.
- f) Teñan por obxecto o establecemento ou desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade ou outras medidas municipais de conciliación de promoción autonómica. Ata 5 puntos.
- g) Teñan por obxecto a constitución dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por aqueles concellos que o tiveran asignado de conformidade coas previsións establecidas no Protocolo de Colaboración asinado o 15 de xullo de 2002 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Ata 20 puntos.
- h) Vaian dirixidos á contratación de desempregados pertencentes a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Ata 10 puntos. Cando vaian dirixidos á contratación de mulleres, a dita puntuación incrementarase en 5 puntos, e en 10 puntos cando estas sexan vítimas de violencia.
- i) Proxectos que na súa realización permitan e apoiem a creación permanente de maior número de postos de traballo estables. Ata 10 puntos.
- j) Proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral, ben mediante a incorporación directa dos traballadores á entidade local á finalización do proxecto, ou calquera outra fórmula de previsión de inserción laboral que, sendo obxectivable, se considere suficiente. Ata 10 puntos.
- k) Proxectos que contén, se é o caso, co financiamento das entidades solicitantes para realizar accións complementarias que melloren a eficacia deste programa. Para estes efectos terase en conta o esforzo investidor para cada suposto. Ata 10 puntos.
- l) Emprego da lingua galega na elaboración e na realización dos proxectos: ata 5 puntos.

- **Selección dos traballadores:** Unha vez concedida a subvención, de cara á selección dos traballadores, é necesario presentar unha oferta de emprego ante a oficina de emprego por cada categoría a contratar, indicando os requisitos e características que deben reunir os candidatos. **En ningún caso poderá incluírse a esixencia de experiencia laboral previa.** A oficina de emprego debe remitir polo menos dous candidatos por posto de traballo a cubrir, correspondendo á entidade promotora a selección final de entre os candidatos enviados, pero outorgando preferencia en todo caso ós colectivos prioritarios e con especiais dificultades de inserción laboral establecidos no artigo 13.4 da Orde reguladora:

- a) Mulleres, en especial vítimas de violencia.

- b) Menores de 30 anos, en especial, demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación.
- c) Persoas con discapacidade.
- d) Desempregados de longa duración.
- e) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- f) Desempregados maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social

- **Contratación dos traballadores;** Os traballadores deberán ser contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social e ser dados de alta na seguridade social nun **código de conta de cotización único** e exclusivo para os traballadores de cooperación local.

Este ano o programa incorpora a posibilidade de **contratación anticipada;** Unha vez presentada solicitude de subvención, e indicando esta intención na mesma, **podéranse contratar un máximo de 2 traballadores antes de ter resolución de subvención, pero previa autorización** da Consellería de traballo e Benestar. A selección e contratación de desempregados neste caso deberá respectar o previsto con carácter xeral.

- **Xustificación e pagamento;** Unha vez contratados os traballadores e iniciadas as obras e servizos debe enviarse á Consellería no prazo indicado na resolución de subvención xustificación de inicio, acompañada dos contratos e altas na seguridade social dos traballadores contratados e dunha fotografía do cartel informativo da obra, realizado en modelo oficial. Recibida a xustificación de inicio a Consellería procederá a aboar ás entidades beneficiarias o 100% da subvención concedida.

- **Outras novidades;** Tódolos ingresos e gastos referidos a operacións da afectación da subvención á finalidade para a que foi concedida deberán figurar en partida contable separada. Ademais, deberá disporse dunha conta bancaria específica que se destinará exclusivamente para a xestión destas axudas.

- **Prazo:** **O prazo de presentación de solicitudes** dos Programas de Cooperación Local **remata o 17 de febreiro** de 2011.

Vista a proposta da Alcaldía do 3 de febreiro de 2011, que textualmente di:

Á vista da Orde do 30 de decembro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2011, faise necesario determinar para qué proxectos vai solicitar subvención con cargo a estes programas o Concello de Moaña.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

Que dentro das subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, o Concello de Moaña solicite á Consellería de Traballo e Benestar subvención para a contratación de 60 traballadores desempregados para a realización das obras e servizos; Conservación de edificios públicos, Conservación da rede viaria, Mantemento de zonas verdes, Conservación e rexeneración ambiental, Programa de salvamento en praias, Programa de atención a bibliotecas e comedores, Reforzo de servizos socioculturais, Reforzo de servizos técnicos e administrativos, Programa de dinamización turística.

O número de traballadores por obra ou servizo e a subvención a solicitar polos mesmos, de acordo cos vixentes convenios colectivos do sector da construción, de oficinas e despachos e de instalacións deportivas e ximnasios expóñense a continuación:

1. Programa de salvamento en praias (convenio instalacións deportivas).

8 traballadores: 4 socorristas e 4 patróns de embarcación.

Duración dos contratos: 4 meses.

Obras ou servizos a realizar: socorrismo e vixilancia de praias.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
36.883,84	1.695,72

2. Conservación e rexeneración ambiental. (convenio construción)

9 traballadores: 1 técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, 1 técnico medio en traballos forestais, 4 peóns forestais e 3 peóns de servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de rutas de sendeirismo, zonas naturais e contornos dos ríos, así como limpeza e mantemento das praias e dos seus contornos.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
183.821,64	18.517,68

3. Mantemento de zonas verdes. (convenio construción)

7 traballadores: 2 oficiais 1ª xardineiros e 5 peóns xardineiros.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Recuperación e mantemento de parques públicos e zonas verdes urbanas.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
144.169,32	14.463,48

4. Conservación de edificios públicos. (convenio construción)

7 traballadores: 1 of. 1ª fontaneiro, 1 of. 1ª carpinteiro, 2 of. 1ª albaneis e 3 peóns servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: mantemento e reparación de edificios públicos (casa consistorial, bibliotecas, pavillóns de deportes, colexios...)

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
147.500,04	14.632,68

5. Conservación da rede viaria. (convenio construción)

7 traballadores: 2 of. 1ª albaneis, 2 of. 1ª canteiros e 3 peóns de servizos múltiples.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: mantemento e reparación da rede viaria municipal, camiños públicos, prazas públicas, paseos...

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
147.500,04	14.632,68

6. Programa de atención a bibliotecas e comedores. (convenio oficinas e despachos)

7 traballadores: 7 técnicos superiores en educación infantil.

Duración dos contratos: 10 meses.

Obras ou servizos a realizar: Atención das bibliotecas públicas e comedores escolares.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
106.665,30	1.803,32

7. Reforzo de servizos socioculturais. (convenio oficinas e despachos)

4 traballadores: 1 técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas, 1 técnico superior en animación sociocultural (animación cultural), 1 técnico superior en animación sociocultural (animación xuvenil) e 1 técnico superior en integración social (monitor ludoteca).

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Organización de actividades para a xuventude concertos, campamentos, eventos culturais, eventos deportivos, axuda na casa da xuventude e axuda na ludoteca municipal.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
73.501,44	1.236,56

8. Reforzo de servizos técnicos e administrativos. (convenio oficinas e despachos)

8 traballadores: 1 técnico superior en desenvolvemento de proxectos de construción, 2 técnicos superiores en administración e finanzas, 3 técnicos medios en xestión administrativa e 2 conserxes.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Reforzo dos departamentos de urbanismo, secretaría, rexistro, persoal e alcaldía.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
132.950,52	2.247,71

9. Programa de dinamización turística. (convenio oficinas e despachos)

3 traballadores: 1 técnico superior en administración de sistemas informáticos, 2 técnicos superiores en información turística.

Duración dos contratos: 12 meses.

Obras ou servizos a realizar: Planificación e xestión de recursos turísticos, deseño de campañas, información turística.

CUSTOS SALARIAIS	
SUBVENCIÓN A SOLICITAR	A FINANCIAR POLO CONCELLO
54.856,44	927,42

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

12.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO.

Visto o informe da orientadora laboral do 4 de febreiro de 2011, que di:

O pasado venres 14 de xaneiro de 2011, publicouse a Orde do 31 de decembro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. As principais características destas axudas para este ano son as seguintes:

- **Obxecto:** O obxecto desta orde é a concesión de subvencións ás entidades que realicen accións de información, orientación e busca de emprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

- **Contía da subvención:** Establécese un **límite máximo de subvención de 30.688,29 euros por ano para o persoal técnico (orientador)**, para a contratación de titulados superiores ou medios, subvencionando as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á seguridade social, por todos os conceptos do persoal necesario para a execución das accións, independentemente do % que queira aportar a maiores a entidade promotora.

Asimismo establécese un **límite máximo de subvención de 21.480,29 euros por ano para o persoal de apoio que terá carácter administrativo**

Igualmente, subvencionarase ata un 15% do total da subvención aprobada en concepto de gastos xerais, materiais, axudas de custo e desprazamento que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas na orde

O Concello de Moaña xa foi beneficiario deste programa dende o ano 2001, nun principio a través do Patronato Municipal "Beiramar" e directamente do Concello dende o 3 de agosto de 2007, contando dende o seu inicio coa actual orientadora laboral Carmen Pérez García, subvencionando este último período dende o 1 de febreiro de 2010 ata o 31 de xaneiro de 2011.

A orde reguladora deste programa para este ano, no artigo 12, establece a posibilidade de que a subvención teña carácter retroactivo. É dicir existe a **posibilidade de subvencionar o contrato da orientadora actual dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012**. A pesar de que neste período aínda non teñamos resolución concesoria da subvención, e sempre que se envíe á Consellería un certificado no que se indique que o servizo de orientación non foi interrompido e o orientador segue

contratado na data de 1 de febreiro de 2011. O contrato actual da orientadora laboral remata o 31 de marzo de 2011.

- **Selección do orientador:** O artigo 9 da orde reguladora establece que **a selección do persoal para realizar as accións obxecto de subvención, non será de aplicación ás entidades que xa colaborasen co Servizo Público de Emprego de Galicia no programa de información, orientación e busca de emprego no exercicio 2010-2011 sempre que propoñan os mesmos técnicos que desenvolveron as accións descritas nesta orde no pasado exercicio** e así o fagan constar no momento da solicitude de subvención. En todo caso, os técnicos, deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, socioloxía, educación social, traballo social ou relacións laborais

- **Preferencia na concesión da subvención:** Según o artigo 7 da orde reguladora terá preferencia, entre outros criterios, a experiencia da entidade do desenvolvemento das accións solicitadas.

- **Prazo:** o prazo para solicitar esta subvención remata o **14 de febreiro de 2011**.

Vista a proposta da Alcaldía do 4 de febreiro de 2011, que textualmente di:

Visto o informe da orientadora laboral, a Orde do 31 de decembro de 2010 da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego e á vista da necesidade da continuidade do servizo de orientación laboral neste Concello, faise necesario aprobar a **solicitude de subvención para o periodo comprendido entre o 01/02/2011 ata 31/01/2012**.

Polo anterior:

PROPOÑO:

Aprobar que o Concello de Moaña solicite ante a Consellería de Traballo a subvención para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego para o periodo comprendido entre o 01/02/2011 ata o 31/01/2012, solicitude de subvención pola contía máxima que especifica a orde reguladora, **ascendendo a un total de 59.993,87 euros:**

30.688,29 subvención para retribución do técnico de orientación
21.480,29 euros para retribución do persoal administrativo de apoio
7.825,29 para gastos xerais (o 15% da subvención aprobada).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- XUSTIFICACIÓN FINAL COOPERACIÓN LOCAL 2010: CONSERVACIÓN REDE VIARIA.

Visto o informe da axente de emprego do 3 de febreiro de 2011, que di:

O pasado 21 de decembro rematou a execución da obra “Conservación Rede Viaria” subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña. Nesta obra estiveron contratados, durante cinco meses, un oficial de primeira albanel, un oficial de primeira canteiro e un peón de servizos múltiples.

Unha vez rematada a obra existe un prazo de dous meses para realizar a xustificación final da mesma, presentando unha certificación de ingresos e gastos e unha memoria dos traballos realizados, acompañadas de copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores, boletíns de cotización á seguridade social, resumo das retencións practicadas en concepto de IRPF e certificacións ou extractos bancarios de cada un destes conceptos, de acordo co recollido no punto terceiro da resolución de concesión de subvención de data 23 de xuño de 2010. O prazo para enviar a xustificación final á consellería remata por tanto o 21 de febreiro.

Unha vez realizada a xustificación- liquidación deste programa quedaría como segue:

Conservación rede viaria.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indem. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
26.537,55	26.182,62	354,93	2.580,78	28.763,40

Acompáñase a este informe unha desagregación pormenorizada dos gastos realizados.

Como vemos, a subvención percibida é algo superior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a 354,93 euros. Esta diferenza obedece a dous feitos;

- Un erro no cálculo da cota empresarial á seguridade social nos meses de xullo, agosto e setembro que provocou que o gasto en seguridade social dos traballadores fose inferior ao inicialmente previsto. Na cotización por AT e EP aplicouse un tipo do 1,65% correspondente ao epígrafe 84, administración pública, cando inicialmente estaba prevista a aplicación dun tipo do 6,70% correspondente á letra d do cadro de tarifa de primas, persoal de oficios en obras.
- Unha baixa por enfermidade do oficial de primeira albanel durante o mes de decembro que provocou que se reducise o gasto previsto para o seu salario.

Esta cantidade por importe de 354,93 euros, que corresponde a subvención percibida e non gastada deberá ser devolta á Consellería de Traballo e Benestar previamente á remisión da xustificación final.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 2.580,78 euros, o custo da indemnización por cese e máis do plus extrasalarial, ambos conceptos de pago obrigatorio no convenio da construción (aplicado a estes traballadores a efectos salariais), que non son subvencionables, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

O Concello debe enviar á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos

mesmos e de copia do resgardo de transferencia bancaria xustificante do reintegro que procede, tendo de prazo como xa mencionamos ata o día 21 de febreiro.

Vista a proposta da Alcaldía do 3 de febreiro de 2011, que literalmente di:

Rematada o pasado 21 de decembro a execución da obra “Conservación Rede Viaria” subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención e do contido na Orde do 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2010, faise necesario aprobar a xustificación-liquidación da citada obra para enviar xustificación final da mesma á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación da obra “Conservación Rede Viaria” subvencionada dentro dos programas de cooperación local 2010 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Conservación rede viaria.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indem. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
26.537,55	26.182,62	354,93	2.580,78	28.763,40

2º) Acordar a devolución á Consellería de Traballo e Benestar da cantidade 354,93 euros en concepto de subvención percibida e non gastada da obra ou servizo “Conservación Rede Viaria” Esta cantidade deberá ser reintegrada á Consellería previamente á remisión da xustificación final, é dicir, antes do 21 de febreiro.

O reintegro farase mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia aberta en Caixa Galicia, O.P. de Santiago: **2091 0300 47 3110063172** , especificando “Remanente da subvención concedida pola consellería de Traballo para o fomento do emprego ao abeiro dos programas de cooperación. Expte. Nº. TR 351 A 2010/ 105-5

3º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resgardo de transferencia bancaria xustificante do reintegro que procede, tendo como data límite o 21 de febreiro de 2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

14.- CURSO DE PINTURA 2010-2011: SEGUNDO TRIMESTRE

Por acordo da Xunta de Goberno do 23 de agosto de 2010 aprobouse a programación do curso e o período de preinscrición do Curso de Pintura 2010-2011.

Vista a proposta do Concelleiro de Cultura na que detalla a listaxe de alumnos para o curso de pintura 2010-2011, segundo trimestre (xaneiro, febreiro, marzo de 2011), cun prezo total xeral de 72 euros (24 € x 3 meses), e de 60 € (20 euros x 3 meses) aos socios das ANPAS.

Persoas adultas admitidas (72€)		
Apelidos e nome	DNI	Teléfono
ALONSO PORTELA, M ^a CARMEN		
ANTEPAZO FANDIÑO, M ^a CONCEPCIÓN		
CHAPELA PIÑEIRO, ÁGUEDA		
COLLAZO GESTIDO, DORA		
COLLAZO GESTIDO, ISABEL		
DEL RÍO RIOBÓ, ALIA		
GIRONDO COLINAS, MAGDALENA		
GONZÁLEZ MARTÍNEZ, FERNANDA		
JALDA BUDIÑO, M ^a TERESA		
MARTÍNEZ DEL RÍO, M ^a ISABEL		
PAREDES BOUBETA, M ^a JESÚS		
RÚA ESTÉVEZ, M ^a BEATRIZ		
SANTOMÉ LEMOS, ANDREA		
SIERRA CASTELO, RENATA		
SOLLA, ALEJANDRO		
VÁZQUEZ CERMEÑO, ROSARIO		
SANTOMÉ ROMERO, MARÍA		

Persoas menores de idade admitidas (60€)		
BUELA CHAPELA, ELSA		
CARBALLIDO COSTAS, CARMEN		
DÍAZ ALECHIGUERRA, MARINA		
RIVAS PIÑEIRO, CLAUDIA		
JUNCAL PENA, ADRIANA		
MACEIRAS PIÑEIRO, ADRIANA		

PALMÁS SANTOMÉ, MARTA		
PENA PAREDES, NOAH		
PÉREZ VEIGA, ANDREA		
TABOAS COSTA, NOA		

A Xunta de Goberno acorda aprobar a relación definitiva das persoas inscritas no curso de Pintura 2010-2011, as cales deberán realizar o pagamento do importe polo segundo trimestre, do **8 ao 22 de febreiro de 2011**, e trasladarlle o acordo á Recadación.

15.- VADOS

O Servizo de Xestión Tributaria do ORAL, por oficio do 5 de xaneiro de 2011, solicita informe en relación ao recurso presentado por D^a María del Carmen Pazos en representación do seu esposo falecido D. Plácido Rodríguez Peña, (nº expte. xestión 3905000007041) referente ás taxas –vados- co obxecto tributario sito na rúa Fragata Villa Madrid – O Real –Tirán, vado nº 187, no que solicita a anulación de todos os recibos por non corresponderlle, xa que o seu é o número 184..

Coa reclamación, a sra. Pazos achega o recibo do ano 2000 que pagou por *colocación dun vado nº 184, sito en Fta. Villa Madrid, 6 – 12.525 ptas*, a nome de Rodríguez Peña, Plácido,

O inspector xefe da Policía local informa, o 10 de xaneiro de 2011, que no edificio hai dous portais, un con vado co nº 182 e outro sen vado. Posteriormente, o día 21.01.11 informa que non se localizaron os sinais de vado permanente 184 e 187.

No informe da Recadación do 27 de xaneiro de 2011 sobre a relación de placas de vado que existen nela, inclúense as placas nº 182 e 184,

Consta na Secretaría oficio datado o 26.09.05 no que se lle notifica a D. Plácido Rodríguez Peña que está incluído co vado nº 184, por 2,5 m.l., no padrón de entrada de vehículos e vados da Xunta de Goberno Local de data 19.09.05,

A tesoureira propón que se modifique o padrón cambiando o nº 184 polo 182, que é o número de vado efectivamente colocado e que se destrúa a placa 182 depositada en Recadación para evitar futuras duplicidades,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
 Primeiro: Aprobar a modificación do padrón de vados no sentido de que o vado nº 182 corresponda ao autorizado a D. Plácido Rodríguez Peña 34533158S, na rúa Fragata Villa Madrid, nº 6, O Real, e anular os recibos pendentes emitidos polo vado nº 187 situado neste enderezo
 Segundo: trasladarlle o acordo ao ORAL.

16.- COMPROMISO DO CONCELLO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “MELLORA DO TRAZADO DA ESTRADA E.P. 1011 (P.K. 0+000 AO P.K. 0+750)”

En data 4 de febreiro de 2011, nº de rexistro de entrada 828, se recibe escrito do Director de Infraestructuras da Deputación de Pontevedra requirindo do Concello o compromiso de achegar o 30% do importe do proxecto da obra “Mellora do trazado da estrada E.P. 1011 (p.k. 0+000 ao p.k. 0+750”).

A Xunta de Goberno, á vista da solicitude, e por unanimidade dos presentes acorda aprobar o compromiso do Concello de aportar o 30% do custo da obra e de acondicionamento do vial das Barxas- Berducedo, condicionado á remisión do proxecto e do orzamento da obra proxectada e á realización dos trámites regulamentarios para a aprobación do convenio e disposición do gasto.

17.- FURANCHOS

17.A) D. LUIS FERVENZA ENTENZA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 1000 litros de viño branco e 300 litros de viño tinto de colleita propia, no Piñeiro, 105, a partir do mes de marzo a finais de maio. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 de marzo ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

17.B) D. JOSÉ LUIS COUSO GALLEGO solicita autorización para abrir un furancho para a venda de 600 litros de viño branco e 600 litros de viño tinto de colleita propia, en Broullón, 36, a partir do día 1 de abril ao 30 de xuño. Presenta declaracións de produción e colleita da campaña 2010-11 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado dende o 1 de abril ao 31 de maio de 2011, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

18.- NICHOS

Rocio del Río Torres, por escrito do 4 de febreiro de 2011, solicita permiso do Concello para arranxar os nichos do cemiterio a nome de José Tenorio Freire –parcela 45, zona I).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar o arranxo solicitado dos nichos dos que é titular D. José Tenorio Freire.

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MARÍA PÉREZ COUSO	Saneamento doméstico uso	Sixalde, 5, baixo	Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.
LIDIA GIL BARREIRO	Saneamento doméstico uso	Ameixoadá, 96	Presenta fotocopia de factura de Espina & Delfin do ano 2000 por “acometida simple augas fecais”.	Aqualia Aparellador munic.
BENITO MOREIRA GONZÁLEZ	Saneamento doméstico uso	Verdeal, 35	Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.
BENITO MOREIRA GONZÁLEZ	Saneamento doméstico uso	Verdeal, 35A	Saneamento..... 180 €	Aqualia Aparellador munic.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.